

Eligio Rivas Quintas

Membro do Grupo Francisco de Moure

ANOTACIÓNS Á HISTORIA E ARTE EN XUNQUEIRA DE AMBÍA

Nun traballo publicado en Cuadernos de Estudios Gallegos o ano 2008¹, as arqueólogas Nieves Amado Rolán, Rebeca Blanco-Rotea e Sonia García Rodríguez, fan unha análise estratigráfica exhaustiva de alzados da evolución constructiva no que foi, entre outros destinos, Pazo Prioral de Xunqueira de Ambía.

Quizáis por non contar con tódolos datos históricos, a lectura que delo se fai non é de todo exacta. Certo é que tratar de reconstruír máis de mil anos de historia de un edificio con sucesivos cambios de función e axustes sucesivos, forzosamente tiña que resultar case un rompecabezas.

DENOMINACIÓN DO EDIFICIO

O nome que se lle dá ò edificio ò longo do tempo é parello lóxicamente ò destino que se lle vai dando, à función que desempeña, e tódolos nomes conservados, às veces sobrepostos, son indicativos, e de todo necesario contar con eles.

Claro está que por algún nome compre referirse ò edificio, pero chamarlle *Pazo Prioral*, non describe xiquera a función principal que tivo, ademáis de ser equívoco. O de *Palacio* é o título co que o *prior* Martín de Córdoba batea a súa residencia en 1596, e foi o único que o habitou coma prior, xa que marchando a Madrid en 1620 quen nel se instala de proviso será quizais o Alcalde Maior seu delegado e do bispado de Valladolid, e acaso tamén o mesmo arrendatario dos foros.

Pero ademáis «Palacio» con que às veces o pobo denomina a Praza do Bispo Carrascosa, o patio diante, refírese máis ben à última construción. É esta o chamado *Palacio Episcopal*, construído entre 1902 e 1906 coma casa de descanso para o bispo de Ourense, o epónimo da praza diante.

Descartar a denominación de *Celeiro*, a que o pobo ordinariamente lle dá, é un erro; os nomes existentes, os topónimos, teñen a súa razón de ser, que non é doada de atopar às veces, pero coa que còmpre contar, e que descodificar para averiga-la verdade.

Dise, evadindo o problema, que *celeiro* é nalgures o «hórreo onde se garda o millo», o que é certo en tres ou catro zonas de Lugo, pero é raro e aplicado por semellanza. Vese algo en Lugo pola metade norte, Xove, A Terra Chá, O Cebreiro, e pouco máis².

O *celeiro* é unha construción auxiliar en todo mosteiro, necesaria por mor de almacenar os produtos necesarios prò mantemento dos seus moradores, pobres e peregrinos de paso. É o baixo latino *cellarium* (do lat. *cella*, «silo») que lles compría ter naquel mundo de todo pechado se querían ter a provisión de boca exixida. Tiña cada mosteiro o seu *celeiro* e co seu *celareiro* (*cellarius*) encargado, un dos oficios principais e de máis responsabilidade no convento. E o de Xunqueira foi *mosteiro* por centas de anos, e con terras e propiedades cujos produtos, de orixe directa ou de renda, habían de conservar nalgures, como veremos.

O *celeiro*, contando cos rexos muros que os mosteiros adoitan ter, non se pode adiviñar precisamente pola estrutura do edificio, xa que máis ben consistía no dispositivo armado prò caso e loxas. Un amplo taboado coma gran caixón cerrado, coa súa porta e algunha fiestra, con canaletas de vazado ò fondo, que era propiamente a *tulla*. O do Santuario dos Milagres, que se desfixo aínda no 1990, coñécimolo ben.

Pra outros produtos tiñan repisas, pras carnes unha loxa coma as das casas rurais. E todo dentro do *celeiro*, algo parecido às adegas, nas que tamén se evita a luz, con algo de ventilación contínua, e grosas paredes.

Tamén cómpre ter en conta *A Torre*, nome que se lle dá á estrutura diferenciada no esquinal contra a horta. É moi indicativa de algo que existiu como veremos.

En canto o que houbese apar, no solar en que se ergue a residencia de verán episcopal prò bispo don Pascual Carrascosa y Gabaldón, non podemos adiviñalo. É posíbel que algo de construción houbese, porque o que fica da «torre» non daba evidentemente para mansión dun señor.

Hai aínda outro dato que resulta ser clave prá interpretación do conxunto, o máis antigo e cáixequo xa perdido na memoria popular. Na parte oposta à «torre», con sinais evidentes no formal do edificio existente, é onde lle din, e así aparece nos documentos, *O Pazo das Donas*. O de *Donas* era na Edade Media o nome que se lle daba às monxas, o que evidencia alí ter radicado a parte do primitivo cenobio no que estaban as mulleres.

É pouco comprometido ou convencido o que se di en nota: «...en el proyecto arquitectónico se apuntaba la posibilidad de que podría haber sido un “hospital” de peregrinos». Porque foi aquí, con este edificio, o que marcou a etapa máis plena do *rol* polo mosteiro desempeñado en Xunqueira ò longo dos séculos.

Cómpre advertir que non tódolos señoríos eclesiásticos, incluso de nobres, teñen orixe nunha doazón real feita ós respectivos abades ou nobres como algún historiador ourensá. No caso do mosteiro de Xunqueira de Ambía, son de orixe patrimonial igual ca os da nobreza que xorde no alto cauce do río Arnoia, e moito do señorío que teñen mosteiros coma Santo Estevo de Ribas de Sil, Monterramo e quizáis Xunqueira de Espadanedo. Son terras pertencentes en orixe á familia rosendiana, ó pai don Guterre e acaso xa ó avó don Ermexildo, nas que vivía, nelas asentada, unha poboación rural que naturalmente unha vez doadas a un mosteiro –que adoitan ser familiares e de herdeiros–, fican da súa autoridade do respectivo abade ou abadesa co seu convento. Autoridade relixiosa e civil.

No preámbulo posto á escritura de partillas o ano 934³, expónse ben claramente as orixes do patrimonio:

...placuit...ut faceremus inter nos colmellum diuisionis de villas ex sucessione avorum nostrorum Hermegildi et Ermesinde, Eroni et Adosinde, uel etiam genitorum nostrorum Guttieris et Ilduare, quos comparaverunt uel donigum acceperunt atque prendiderunt de stirpe uel construerunt... (pra facermos as partillas das vilas «lugares coas terras» coma sucesores que somos dos nosos avós Hermexildo e Ermesinda (polo pai), Erón e Adosinda (pola nai), e tamén dos nosos pais Guterre e Ilduara, que compraron ou de doazón acibiron e de raiz tomaron -terras sen dono na Reconquista- ou beneficiaron...)

Cando o abade don Fránquila refunda con axuda de don Guterre o mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, acibe couto de doazón real, pero don Guterre pola súa parte dálle do seu patrimonio no val do Alto Arnoia as terras de Maceda e na cabeceira da Limia as de San Román de Sobradelo.

O mosteiro de Xunqueira de Ambía levaba máis de 150 anos disfrutando do patrimonio legado pola familia rosendiana, cando se refunda coma Priorato.

É nesta segunda refundación, no ano 1150 polos Coengos Regulares de Santo Agostiño, que os herdeiros de aqueles renuncian ós seus dereitos coma tales, que Alfonso VII lle fai doazón real do couto redondo en torno como veremos. Cos Coengos Regulares de Santo Agostiño e a Colexiata, inauguran un novo sistema de vida, relixioso e admimistrativo, que vai supoñer a máis longa etapa da historia de Xunqueira, con toda a súa problemática de cáixequo 700 anos, deica que coa Desamortización de Mendizábal (1837) se liquida tal institución.

ACHÁDEGOS IMPORTANTES NA RESTAURACIÓN

No seu minucioso traballo de prospección dan conta as arquitectas de pomeiros e resíos dun gran interés, non sempre aproveitados para saber da función que o edificio desempeñou, ou entender o valor probatorio de etapas escuras na súa longa vida de servizo monástico.

Son estes sumariamente:

1) Unha porta románica, hoxe interior e de paso, primitivamente exterior na parte do edificio románico, metade do actual ò longo contra a horta. Nel, a *mocheita dunha fiestra, un canzorro, marcas de canteiro* do mesmo tempo cás da colexiata e *deseños de xogos de alquerque* do mesmo tempo.

2) Un *murete*, adiantado do edificio cara a praza do Bispo Carrascosa, con *algunha pedra decorada* -unha con inscrición visigótica-.

3) Pedras con *decoración adscribible desde el románico al siglo XVI*, desechadas de algún lugar: *basa de columna románica, fragmentos curvados con decoración de molduras nervadas terminadas en picos, parte de un arco geminado acaso de ventana y fragmentos de nervadura de bóveda*⁴.

4) Onde se di⁵: *...como se puede observar en la fachada N está cortada y continuaría hacia el N*, cómpre sacar delo consecuencias, xa que se a construción se adianta, por algunha razón sería, algunha función de seguro tería.

5) Os *contrafortes* do muro contra a horta, engadidos, que lle foron aplicados coma prevención dunha ruina que se anunciaba polo vencemento da parede, apuntan a que o subsolo falla por algunha razón.

Pola constitución do terreo, à beira dunha depresión que foi terraplenada. Que estudando o terreo e ollando a infraestrutura que dá paso à actual entrada en Xunqueira por esa parte este, proba ser aí a *manente e xunqueira* de que fala a tradición. Non sabemos cando a pequena engroba sería recheada.

E non coido que que os *contrafortes* ditos, engadidos, primeiro os dous exteriores e logo os dous interiores, teñan outra finalidade como se di: a de «sustentar un balcón». O que fan en certo momento, tardío, é aproveitarse do apoio para superpoñelo. Que dende logo tamén tivo a súa razón de instalarse, porque un balcón supón un uso do edificio coma morada permanente.

Con ouxeto de proceder con orde ò tratar tema tan importante prà historia de Xunqueira, e prò desenrolo do conxunto artístico, imos proceder tamén por niveis ou etapas, sistematizando de consún arte e dados históricos, avalados polos documentos.


O PASO DA HISTORIA

PRIMEIRA ETAPA

En realidade trátase do nivel cero, xa que de primeiras non contamos máis ca co espazo, adur se humanizado ou quizáis de todo raso; coa natureza física aínda non erosionada, nada trasformada pola mau do home.

Ollando o estado presente, axiña adiviñamos o espazo natural de partida: un outeiro rocoso, un petouto abrupto entre o que hoxe é a rúa de San Roque e a estrada, con ríspeda caeira cara o nacente, pouco máis suave cara o norte, alom-

bando algo cara o pordosol para se estender en chaira; con gran caeira barroca polo sur, pola parte que agora máis nos interesa, deica se afundir en engroba cavada por unha abondosa manante de auga. Unha engroba que baixa aprofundando deica se perder polo *Garaxil e Amiado* e chegar ó *Río Arnoia* pola esquerda á saída das *Cárcoas*, a sopé do antigo *Castro de Gudín*.



Non esquezamos que toda esta zona esquerda do río é *Ambía*, voz céltiga que tal declina, coma *O Amiado*, «contorna de río». Máis primitivo é *Arnoia*, do máis antigo nivel hidronímico, quizáis mediterráneo, alternante e sumado un aumento en *-n*. río Arnoia hai tamén en Portugal, da mesma orixe ca Arnego, Arno, Arn, etc. que hai por toda a parte SO de Europa e deica Palestina. Proba que a esta nosa contorna chega xente deses mesmos niveis da vida humana⁶.

Por algús resíos atopados no curuto dese pequeno outeiro, embebido hoxe na edificación vilega, coidamos ter sido un pequeno castro. As ribeiras da engroba, terra fonda e húmida, e as do río abaixo, prestábanse pró pastoreo.


De certo non desentona do entorno a tradición de que *á beira desa manante e xuncal* da inicial engroba, se aparece no século IV *Nosa Señora* a unhos pastores. Engroba, aquí namáis ca unha fochanca xusto detrás do «Celeiro», na que vexetaban os *xuncos*; unha *xunqueira*. *Juncaria* que din os romanos à súa vinda, nome que se lle dá naturalmente ò asentamento que logo hai no lugar: *Xunqueira*.


En consecuencia do dito, de xeito parello ò que sucede en máis de cen lugares, no sitio da aparición erguen aqueles primeiros cristiáns unha pequena *ermida*, tan humilde como é de supoñer, que así seguirá por algunha centena de anos, deica que algún eremita se fixa no lugar para apar dela asitiar en soedade de vida consagrada.

Pronto, espallada pola contorna a sona, iríanselle agregando *deovotos* e *deovotas*, acaso xa en tempos de San Martiño –cuyo nome leva o lugariño á beira da Siota-, de algunha forma, regulados en vida común, cenobítica. No San Martiño houbo ermida adicada a este santo, cuxa talla, por certo dunha gran calidade, que algún coida incluso de Cornelis, foi levada prà capela de S. Pedro Mártir en Xunqueira mesmo. Dende o século VII non deixa de ser a constante padroeira de Xunqueira *Santa María*. Confírmase a tradición.

SEGUNDA ETAPA

San Martiño, *Pannonis genitus*, chegado à Galecia no século VI, espalla dende Braga ó longo da Vía Nova romana, aínda operante aquí, a vida de consagración a Deus. O caso é que dende o século VII ou poco máis, tempo en que máis inzan os cenobios dúplices coa regra de San Fructuoso, xa nos consta existir un deles apar da *Juncaria*. *Nosa Señora Santa María* está positivamente presente, pois unha desas *pedras decoradas* é visigótica e co nome de *María*.





Nesa pedra decorada que aparece no murete desenterrado ante a construción, en letra realmente decorativa como poucas veces se pode ver, ollamos o nome de *María*. De seguro que nalgures estará o anaco de pedra que poña *SANCTA* ou *SCA*, coma en *SCE EVFEMIE*.

Confirmase pois a tradición de que apar da *juncaria* existíu un pequeno cenobio Un cenobio no século VII que é dúplice, co seu pequeno oratorio e vida cristiá comunitaria, baixo a regra de San Fructuoso.


Porque tamén é constante a tradición de ter existido eiquí un mosteiro dúplice; no ano 1740 di unha escritura (Arch. X.A. sen clas.) que di: «...*nosa casa que chaman o “Pazo das Donas” que está de una parte ajuntada ao dito espital do mosteiro, e da outra aa casa que feso López Fernández canónigo que Deus aja*».

Inzan estes pequenos mosteiros mormente no espazo en torno a antiga *Via Nova*, *Via XVIII* de Braga a Astorga, que se coñece aínda estar en uso no espazo da Galecia. Xunqueira fica a 4 km. ó norte dela.

É de carácter visigótico igual cò de Santa Comba de Bande cuia eirexa se conserva íntegra na súa forma primitiva, prototipo das que habería daquela, aínda que é de supoñer que outras fosen de menos pretensións, máis humildes. Santa Comba está tamén ò norte da Vía romana, à dereita do río Limia, en Bande, caracterizada polo arco, mal chamado de ferradura, ultrasemicircular.

Non se atopou este arco en Xunqueira mesmo; un asitiamento de máis de mil anos, con tanto cambio e reestructuración, exixiría unha máis profunda exploración. Porque zona de tal existir é privilexiada, e abastada. Perto está Santa Eufemia de Ambía coas súas fiestras, á beira mesmo da Siota aínda que aquí sexa máis tardío, máis cara o poñente, río Arnoia abaixo e tamén à esquerda, San Cibrau de Pardavedra.

Máis aínda, que é dende esta contorna donde se debéu de espallar o dito arco e fiestra xemia. É aquí, adur se a 3 km de distancia e a unhas 4 da Vía romana, que se atopou o exemplar de arco ultrasemicircular e fiestra xemia máis primitivo que se saiba. Foi no Castro de Cerdeira.



Trátase do xugo ou parte superior dunha fiestra xemia, con un arquiño que pasa levemente do semicírculo, con entorno de media cana arredor enmarcándoo, e outra que sube paralela deica xirar en horizontal deica ir cubrir do mesmo xeito ó outro arquiño. Este roto, está nembargante indicado polo inicio da media cana en torno e pola exterior que acabamos de describir por encima. Labrada en pedra grá viva da que hai no propio castro, a parte conservada é de abondo para poder reconstruír con seguridade todo o que era no conxunto.

Que a técnica do calado se estaba intentando na *Gallaecia* romano-castreña, próbano os *trisqueles* de San Cibráu das Las e os dous da Citania de Briteiros, Guimarães, Norte de Portugal, escavados, pero non calados, cousa a que se chega, por primeira vez que saibamos, no *trisquele* de Castromao, Celanova, à esquerda tamén alto sobre o río Arnoia, que debe de ser contemporáneo, de finais do séc. II, e nesta fiestra do castro de Cerdeira.

As medidas do precitado xugo son:

Ancho: 0,23; de largo: 0,425; de grosor: 0,11

Deica o centro: 0,33; largo total -ancho suposto da fiestra-: 0,66

Diámetro do arco no intradós: 0,87

Alto (suposto) da fiestra: 0,70

O que fan os árabes ó chegar a España é beneficiarse deste arco e liña; non inventan ren.

De tempos romanos temos en Xunqueira algo máis que reforza se cabe o dito. Son dúas aras, unha no lugariño dito do San Martiño apar da Siota e outra na Siota, na mesma capela dita, do Santo Antón.

Esta está por fora no formal traseiro da capela, onde por mor de axustala coma sillar, a mutilaron de mala forma, ademáis de repica-la inscrición de xeito que adur se se notan resíos raspados dos trazos verticais e oblicuos da epígrafe, que era de cinco liñas. O que si se ve ben son dúas molduras na parte superior.

De seguro que era unha ara votiva, igual cà de San Martiño, adicadas ás ninfas das augas do inmediato Porteiro, xa polos romanos beneficiadas, de forma parella á ara às ninfas no templo de Santa Eufemia, do mesmo tempo cò que estudamos de Xunqueira.

Niste entorno é que xorde en Xunqueira o pequeno cenobio dúplice aludido, do que sabemos por tradición e toponimia menor, agora confirmado polo achá-dego desa fermosa epígrafe visigótica.

Un pequeno mosteiro prerrománico, visigótico, co seu oratorio adicado a Santa María. Son monxes visigóticos, iles e elas á orde dun abade común, con oratorio común, pero en todo odemais vida totalmente aparte.

Di Fr. Justo Pérez de Úrbel⁷ que San Fructuoso no cabo da súa vida, xa en Braga, despóis de ter fundado no Bierzo, a súa patria, varios mosteiros coma o de Compludo, S.P. de Montes, etc., segue a difundir dende a sede bracarense a vida cenobítica. Son pequenos mosteiros pra homes e mulleres pros que redacta dúas regras de vida inspiradas na dos cenobitas das lauras da Tebaida.

Unha etapa segura, anterior à vinda da familia rosendiana.

TERCEIRA ETAPA

Aínda que pola lonxanía no tempo non se poidan con xusteza analizar as escrituras, a do mosteiro de San Rosendo de Celanova vainos dar suficiente luz para poñer en claro esta etapa da vida e historia de Xunqueira no século X. Non somente en Xunqueira e entorno, senón de todo o curso superior do río Arnoia.

É a familia de San Rosendo a que na segunda metade do século X, posesora da terra, refunda o pequeno cenobio visigótico, acaso a ermo ou esmorecendo.

Ambrosio de Morales na visita que fai á Colexiata de Santa María la Real de Xunqueira de Ambía⁸ no seu periplo de inspección por orde de Felipe II (1572), di, cando atopa aquí «una Biblia de letra góthca... harto insigne Códice que ha más de 400 años que se escribió», que o mosteiro *es fundación de dos particulares, Gundisalvo y Ilduara, como parece por Escritura de principio de mayo, año DCCCLXXVII (877). Fúndanla para Frayles y Monjas y no declaran de qué Orden han de ser. Los fundadores están en el Capítulo en tumbas lisas. Hay muchas confirmaciones, y dotaciones de los Reyes.*

Advertindo que, ben fose por descoído do autor ou de quen o dá ó prelo, se esquecen de poñer un C máis na data, DCCCCLXXVII, xa que se trata do século X, imos recoller o tema dende a base. É sobremaneira rico e informativo pra faguer pé e falar con coñecemento de causa, tanto do que atanxe a Xunqueira coma a toda a Alta Arnoia, non somente no aspecto relixioso senón tamén no social, non só no económico senón tamén no artístico que é o que aquí máis directamente nos interesa.

No preámbulo ó Tumbo que fai en 1594 o prior entrante, xa por Valladolid, Martín de Córdoba, dise: *Y así mismo, parece y lo dice la común opinión, que un tal Gonzalo y Aldara, su mujer, por su devoción dieron a esta casa muchos bienes y hacienda. Así lo muestra su testamento que está en el archivo en pergamino grande, de la Era de 1015, que tiene el número 27; y por haber dicho algunos que dos sepulcros grandes de piedra, que estaban en una capilla del claustro de la dicha iglesia, eran de los dichos Gonzalo y Aldara, el prior Don Martín de Córdoba los mandó renovar y mejorar, y los puso con mayor devoción de la que estaban.*

Como é cen anos posterior ó que di Ambrosio de Morales, a este debemos faguer máis caso có «dicho por algunos».

Para empezar diremos que todo o curso e conca do río Arnoia, dende o Val do Medo deica desougar pola esquerda no río Miño, pertence a finais do século IX a don Guterre, o pai de San Rosendo. Non sabemos se xa lle viría por herdo do seu pai Ermexildo, fora do entorno nativo de Vilanova das Infantes, todo de doazón real.

Podemos supoñer que moito sería de doazón dos reis de Asturias cos que estaban emparentados; dona Elvira, muller de Ordoño II rei de Asturias é irmá de don Guterre, e non foi a única.

Tamén por servizos na Reconquista, cando o conquistador tiña dereitos sobre a terra recobrada; don Guterre e seu pai Ermexildo son os que ganan da mouramia as terras de Coímbra, moitas delas a ermo.

Na parte superior do río Arnoia, sabemos polas escrituras de Celanova que Santa Ilduara acibe máis de unha doazón, e incluso San Rosendo todo o que é a Serra de San Mamede, daquela *montem Toro*. Vémolo por unha doazón feita no ano 950: *Ego Iulianus et uxor mea Eolalia...domno Rudesindo et fratribus vestris de monasterio Cellenove...Concedimus iterum...quod habemus in «monte Toro», id est de lagona, et de aqua de Texeto (Río do Teixedo) usque in aqua de Naviola (hoxe río Cabras que baixa de Corrichouso a unirse à Tamega en Laza), o que inclúe toda a Serra de San Mamede⁹.*

Cómpre engadir que don Guterre e despois a súa familia, son grandes e xenerosos fundadores e refundadores de mosteiros.

Nas partillas que entre si fan no ano 934 os cinco fillos de don Guterre, Rosendo, Munio, Froila, Ermesinda e Adosinda, a Rosendo (San Rosendo) tócalle en sorte, entre outras, toda esta terra da *Alta Arnoia*, incluíndo o que é hoxe Xunqueira.

Dous anos despois, no 936, Froila e súa muller Sarracina, cédennlle a San Rosendo *Villare*, onde erguer o seu mosteiro de San Salvador de *Cella-Nova*. Como o que lle interesa é ter un couto en torno ó mosteiro que estaba a fundar, cambia o que a el lle tocara na Alta Arnoia, incluíndo as terras de Xunqueira de Ambía, polo da súa irmá Adosinda, como vemos pola escritura de 4-II-949¹⁰ que reseñamos:

*Ego Scemenus et uxori mee Adosinde, vobis iermano et pontifici nostro Rudesindo... placuit..., commutassemus inter nos villas...Scemenus et Adosinda concedimus...villa de «Sancta Eulalia» in ripa ribusculi Sorice prope vestrum monasterium cellenovensis quod nos evenit in divisione per colmellum, cum domos, et terras cultas et inrruptas... sicut eam obtinuit ...domna Ilduara. Et accepimus ad vobis...iermano nostro...quarta ratione pro id ...et alia villa quod nuncupant **Ambía** ...cum domos, vineas, pumares, terras, adiacentis et suis prestationibus infra suos terminos... Facta scriptura commutationis quod est Ite nonas Februarii. In era DCCCCLXXXVII (ano 949).*

Vertido di así: «Eu Ximeno e a miña muller Adosinda, a vos irmau noso e bispo Rosendo..., é do noso agrado intercambiar entre nós lugares... Ximeno e Adosinda damos...o lugar de *S^a Baia (de Berredo)* nas ribeiras do pequeno río Sorga, cerca do voso mosteiro de Celanova, que nos tocóu na partilla por sorte, con casas, terras labradas e sen romper...como a conseguíu...dona Ilduara. E acibimos de vos...irmau noso...a cuarta (partilla), a tua sorte por elo...e o outro lugar que chaman «Ambía»...con casas, viñas, pomares, terras, e contorna coas ganancias dentro dos seus termos».

Cómpre apuntar que os lugares ditos representan toda a contorna. Ambía no século X era aínda toda a contorna á esquerda do *río Arnoia*; que logo se concreta co nome do sitio (*Juncaria*) dentro desa contorna, Ambía tamén aquí (Xunqueira de Ambía), e non só ò espazo en que hoxe se concreta, que é a freiguesía respectiva.

Donos pois do espazo que estudamos, a *Juncaria de Ambía*, no ano 949 son Adosinda, irmá de San Rosendo e Ximeno seu marido, por cambio con Rosendo. Cambio a que, se ben nos fixamos, se alude na escritura do ano 1150 pola que os xa numerosos descendentes, herdeiros, renuncian ós dereitos que sobre Xunqueira teñen.

Pero o que é hoxe Xunqueira, e todo o territorio río Arnoia a enfesto, é de primeiras sorte por herdo de San Rosendo.

Aquí hai un paso non aclarado nas escrituras, porque Adosinda, de seguro que por morte do seu marido Ximeno, acóllese o mosteiro familiar de S^a M^a de

Vilanova, fundado pola súa nai Ilduara, e as terras que posuía de *terra de Ambía* pasan, non sabemos cómo, á súa irmá Ermesinda casada con Pelaio González, e diles á súa filla *Ilduara* –neta polo tanto de don Gutierre e dona Ilduara–, casada con *Gonzalvo Menéndez*, que é o *Gundesalvus Menendiz* que firma coma testemuña no precitado documento de intercambio entre Adosinda e Rosendo o 4-II-949. Estes son a Ilduara e Gonzalvo aludidos de forma errónea por Ambrosio de Morales, enterrados asegún di en «tumbas llanas» no cabido.

A importancia deste matrimonio é enorme coma primeiro herdeiro efectivo do territorio, refundador do mosteiro dúplice de Xunqueira, e punto de partida na historia de toda a zona coma tronco de nobreza con sucesión de gran número de familias. Son moitas as familias nobres que escusan inventarlle fantásticos principios a futuros timbres de gloria e pedras de armas, tendo aquí o principio seguro da súa xaramea.

A dita *Ilduara, neta de Santa Ilduara e filla de Ermesinda, casada con Gonzalvo*, son os primeiros da familia rosendiana que veñen morar a Xunqueira na terra de Ambía. Còmpre télo en conta prò futuro, tanto do lugar coma da contorna, o mosteiro, a construción, terras, señores e señoríos.

A Xunqueira chegan despois do ano 950; podemos calcular que sería polo ano 960 tendo en conta que primeiro sería o asitiar, e a *Escritura* de refundación *do principio de mayo, era DCCCCLXXVII (977)*.

Son iles os que refundan o antigo cenobio, non sabemos se tamén o reconstrúen, e puideran ser os que, copiando a advocación de SANTA MARÍA no seu frontispicio, a renovasen en tan elegante e fermosa epígrafe como é a que agora se atopou.

O que sí é certo, posto que aquí viviron, morreron e foron soterrados, é que algunha construción houberon de erguer onde morar, que sería acorde coa prestancia e nobreza da familia. En ningún momento podemos esquecer que son, e seguen a ser, os donos da terra, polo tanto còmpre contar coa súa presenza aquí en todo momento, eu coido que deica morrer o cabaleiro do sartego na Colexiata (1507): Álvaro de Soutelo.

Non hai por qué se preguntar sobre a «Torre», que resío continuado dos señores é, onde asitia o brazo civil rosendiano, posesor, Ilduara e Gonzalvo e descendentes, aínda que por razón de estratexia trasladasen máis tarde a cabeceira á Torre de Ambía, á de *Penna Fidelis* de Armariz e à de *Sancti Joannis de Bara* sobre a Lagoa de Antela. Onde os ollamos, en marcha ascendente no século XII, tra-la consecución de señoríos e títulos de nobreza, comezando polo de Maceda.

A miudo vemos citados «torre» nas escrituras da Baixa Edade Media e posteriores; son casas de señorío con foros. *A Torre* en Ambía foi o lugar onde asitiaron os descendentes rosendianos despois de Xunqueira, e *A Torre* se chama o castelo de Maceda onde radica o seu primeiro título nobiliario. Xa di o refrán:

«Cántas torres, cántos foros. Gárdeme Deus de can lebrel, de *casa de torre* e de sabidora muller».

Esta refundación de Xunqueira feita hai máis de 1.030 anos, é unha máis na xeira delas feitas pola familia, coma dúplice, familiar ou de herdeiros. Nesta mesma conca do río Arnoia sabemos de cinco. don Guterre é o que con San Fránquila restaura o mosteiro de *Santo Estevo de Ribas de Sil*, logo de lle pedir para elo licencia a Ordoño II (21-X-921). Pero a seguida faille das súas terras unha doazón, que co tempo vai ter consecuencias históricas: o couto de Maceda e o de San Román de Sobradelo, ámbolos dous nesta zona que estudamos.

O primeiro¹¹, tras un século de hábiles maniobras urdiduras polos señores de Ambía, mormente *Don Paio Menéndez*, acaba por ser no século XIII base e fundamento do condado de Maceda e varios filiais.

O segundo, ubicado na cabeceira limítrofe da Limia, logra perdurar con máis ou menos dificultades deica a Desamortización.

Volvendo á refundación do mosteiro de Xunqueira, do mesmo tempo é a fundación, apar de Maceda, de *Santa María de Donfranke* –en 1213 *Don Franquia*–, que leva o nome do seu fundador, *Don Fránquila*.

Tamén no termo de Maceda, ó leste, aquí unha refundación coma cenobio feminino, *Santa María de Asadur*, xa de antiga tradición como ollar se pode por un baixo relevo do século VII incrustado no formal, parte exterior da sacristía. Que o restauran como da familia vese pola epígrafe apar do lóculo da ara, onde pon AEREDITARE (de herdeiros), no cima dunha gran lápida honorífica, adicada a un cobrador do fisco romano: a QUINTO LICINIO.

Neste mosteiro aparece *Exemena*, sobriña de don Guterre, filla de dona Elvira e Ordoño II, como vemos por documento do ano 935¹²: *iterum ab Exemena, supradicti Santii regis sorore, tunc in Limia apud Saturi commorante*.

Outra, quizáis fundación niste caso, é a do mosteiro de *San Martiño de Pazó* (Palatiolo) a 3 km de Allariz, tamén á esquerda do río Arnoia, familiar e dúplice, rexido, coma abadesa, do ano 938 ò 950, pola enérxica, brava dona Guntroda, filla da raíña dona Adosinda e prima-irmá de San Rosendo¹³.

Os mosteiros desta clase, pactuais e dúplices, dos que houbo tamén moitos ó norte de Portugal –niste tempo *Galecia* de cheo–, que inzaron da mau de San Fructuoso¹⁴, foran prohibidos xa no Concilio Niceno, canon 20 (ano 787), pero aínda se arrenxan para ir perdurando deica os comezos do século XI.

Xebrados por altas e grosas paredes, baixo as ordes dun abade ou abadesa común, tiñan cadanseu superior ou superiora. Incluso podían ter distinto oratorio, e no delas samente podía entrar o crego a confesar e decir misa. Monxes e devotas axudaban a peregrinos e pobres.

De herdeiros ou familiares como eran, á beira do oratorio había casas nas que vivían os fundadores coa súa familia; esta herdabaos. Como ollaremos, o de Xunqueira de Ambía trouxo por elo non poucas entrequedencias.

Que o mosteiro rosendiano de Santa María estaba aínda en pé no empalme coa Colexiata, vese claro pola repetida alusión a el na escritura de cesión.

¿Hai aquí algún resío que apoñerse poida ó século X, do que foi morada dos fundadores de Xunqueira, Ilduara e Gonzalvo, e da refundación mosteiral por eles feita?

Dende logo a «Torre» é unha secuencia, herdeira co que houbera construído no solar onde se ergue no ano 1902 o «Palacio Episcopal», e que eu coído extensión da mesma, probábelmente máis antigo, do que resíos tiveron que ficar.

Deste tempo ou pouco máis é a fiestra que hai na capela do Santo Antón da Siota apar de Xunqueira (ano 1012?). Somentemente se conserva o xugo da gran fiestra que foi, a de maior dimensión coñecida no estilo prerrománico, xa que mide de ancho 1,20 (de alto a peza 0,52 e de grosor 0,25). Non é obra tan acabada coma as fiestras de Santa Eufemia de Ambía, pero sí mellor cá de San Cibrau de Pardavedra.

Algo ten distinto desta clase de fiestras xémeas de arco ultrasemicircular, que sobre os óculos leva unha epígrafe de letras grandes, algo irregulares. Algúns sinais non son fáceis de descodificar: Cruz patada, ERA MQ10Co fetit? con signo baixo do R e ó lado do óculo esquerdo un E. Parece estar o nome do artista, pero é indescifrabil¹⁵.

CUARTA ETAPA

Na etapa anterior deixamo-lo cenobio de *Santa María*, igual ca toda esta *terra de Juncaria de Ambía*, nas maus da familia rosendiana, pero de Roma seguían a urxi-la supresión da condición dúplice e familiar –de herdeiros- dos mosteiros. Nada sabemos da súa vida perante os 130 anos que nesa condición levaba o pequeno mosteiro, pero algo podemos asmar, anque non fosen tantas, polas entrequedencias que a mediados do século X houbera no de San Martiño de Pazó.

Unha Bula de Pascual II o ano 1103 instaba ó bispo Xelmirez de Compostela ó cumprimento do ordenado.

Non sabemos de cando é o definitivo cerre del, pero sospeitamos que sería nos primeiros anos do segundo milenio. Con todo a comunidade era somentemente usufrutuaria do soar, edificio e eidos; a construción e demais fican coma propiedade dos xa numerosos herdeiros rosendianos, que non renuncian ós seus dereitos perante cáixeque 50 anos, nos que o edificio estaría a ermo, en vacío forzoso. Positivamente non sabemos ren do caso, pero é unha dedución, a situación lóxica.

Sospeitamos que máis de unha vez lle fose ofrecido ós monxes bieitos de Celanova, agora con puxante vitalidade, tropezando coa mesma dificultade de non teren o campo libre para a instalación do novo sistema de vida monástica que se impuña. Porque a Orde de San Bieito, ademais de oposta à mediatización leiga, adoitaba buscar lugares ermos de todo onde poder fundar.

O que sabemos é que por fin no ano 1150 os herdeiros rosendianos ceden nos seus dereitos patrimoniais sobre o mosteiro prerrománico de *Juncaria* e propiedades en torno, cousa que despois de todo non deixa de extrañar sendo tal o número de herdeiros. A máis de 170 anos do punto de partida, os herdeiros, contando firmantes e representados, son máis de cen, ben identificábeis coma rosendianos tal coma *Velasco Menendiz, filio eius Menendo Velasquiz* que xa traballaban por agrandar os seus dominios, o pai en 1174 *tenente Pennam Fidelem* na Pousa de Armariz, o fillo *tenente Sanctum Joahannem de Bara* sobre a Veiga de Antela, non en Ambía¹⁶. Non se conseguiría hoxe aunar tantas vontades en renuncia tan xenerosa.

Vese que a cousa estaba ben madura e preparada porque ó tempo que se firma a renuncia, na mesma escritura fáiselle entrega de todo ós Coengos Regulares de Santo Agostiño que del se fan cargo. E tamén o rei Alfonso VII lles sinala xa couto, a que sen dúbida renuncian ó mesmo tempo os herdeiros, pasando coa mesma a dominio real, que del lle fai doazón evitando así a tentación de volve-lo reclamar no futuro.

A escritura de renuncia¹⁷, ano 1150, reza así: *...Velasco Melendi cum uxore sua, Rodericus Melendi, Nunus Melendi, Gonsalvus Melendiz, et Adosinda Melendiz et Urraca Melendiz, et Velasco Ranimiriz, filius de Geloira, Velasquiz cum filiis suis, et Velasco Garcia, filius de Garcia Velasquiz...cum filiis suis, et Sancius Muncii cum fratre suo, et Alfonsus Roderici, cum fratribus suis, et Velasco Muncii, filius de Eldonza, Muncii cum fratribus suis, et Petrus Garcia cum fratribus et sororibus suis, et Odearius Muncii filius de Geloira Melendiz cum sororibus suis, Melendus cum fratribus et sororibus suis..., Velasquiz cum fratribus, et Petrus Rodericis cum fratribus suis, et Ferdinandus Sancii, et Ordonius Sancii cum fratribus et sororibus suis, et Fernandus Suariz filius de Suario Velasquiz cum fratribus et sororibus suis, et Rodericus Petri cum fratribus et sororibus suis cum fratribus et sororibus suis, et Velasco Alvariz cum fratribus suis, et Melendus Gunzaz cum filiis suis, et Nunus Fernandiz cum fratribus et sororibus suis, et Melendus Fielz cum fratribus suis, et omnes filii de Domino Melendo, cum progenie nostra, et cum omnibus hereditibus de nos omnes supradicti, cum vocibus nostris et cum omni posteritate nostra, et cum aliis hereditibus: **Damus atque concedimus Deo monasterium Sancte Marie de Guncaria cum omnibus applicationibus et adiunctionibus suis et hereditatibus et posesionibus suis. Hoc autem sic Deo damus et prior Sarensis in eo Canonicum Ordinem Sancti Augustini instituat, ita tamén, et ambae ecclesiae sint germane, et inter monasterium Sarense et monasterium de Guncaria mutua semper sit fraternitas et inconculsa dilectio...et cum priorem Sarensem ad monasterium de Guncaria venire contingerit, in coro, capitulo, et refectorio, primum locum obtineat; si vero priorem Guncarie ad monasterium Sarense venire contingerit, ausente priore Sarense, in omnibus eius locum Guncarie prior obtineat; quo vero presente preter eum ad primum locum in omnibus recipiatur.***

Cum autem in monasterio de Guncaria prior fuerit eligendus, ad eius electionem prioris Sarenensis consensus et consilii requiratur. Adictum est etiam, et si monasterium Sarensem citra Minium versus Guncariam aliquid quoquomque titulo adquisierit, totum cedat in ius et dominium monasterii de Guncaria, et converso vero quidquid monasterium de Guncaria ultra Minium versus Sarensem adquisierit, in ius et dominium monasterii Sarenensis cedat eo integro.

...Hoc prefatum monasterium de Guncaria hoc modo Ordini S. Augustini damus, ut nullum hereditarium ius in illo amplius queramus....sic autem nos tradimus predictum monasterium Dei et S. Augustini, quemadmodum parentes nostri eum ganaverunt, vel hereditatis iuris habuerunt, tam Regum atestationibus, quam aviorum sucesione, seu hereditatae comutatione, vel aliqua comparatione, vel prout nos eum melius habere potuimus, cum omnibus qui intra ecclesiam sunt, vel extra eidem loco pertinentibus.....facto in Era M.C.L.X.X.VIII et quo tamén VII Idus Maii.

O que traducido no que implica pró noso caso é: «Todas as persoas citadas...(et omnes filii) e todos os fillos de don Melendo coa súa descendencia, e con todos os herdeiros de todos os arriba citados, cos nosos representantes e con toda a nosa posteridade, e con outros herdeiros: Damos e concedemos a Deus o mosteiro de Santa María de Xunqueira, con tódalas asignaciós e engadidos, herdades e posesiós súas. Mais esto de tal xeito llo damos a Deus e ó prior de Santa María do Sar, que nil (no mosteiro) institúa a Orde Canónica de Santo Agostiño, de tal forma nembargante que ambas eirexas estean irmanadas, e entre o mosteiro do Sar e o mosteiro de Xunqueira haxa sempre mutua fraternidade e amor nunca desmentido....

...cando sucedere que o prior do Sar veña a Xunqueira, no coro, no capítulo, no refectorio, ha de ter o primeiro lugar; pero se o prior de Xunqueira sucedere que vaia ó mosteiro do Sar, estando ausente o seu prior, en tódolos actos ha de ter el o seu lugar, pero estando presente, o de Xunqueira ha de ter o primeiro despóis del.

Así tamén cando sexa pra elixir prior no mosteiro de Xunqueira, prá súa elección requírase o consello e consentimento do prior do Sar. Engádesse tamén que se o mosteiro do Sar algo adquerise baixo calquera título máis alá do Miño cara Xunqueira, que sexa todo de dereito e dominio do mosteiro de Xunqueira, e pola contra todo o que o mosteiro de Xunqueira máis alá do Miño de cara o Sar adquiera, vaia integro a dereito e dominio do mosteiro do Sar.


...O dito Mosteiro de Xunqueira dámosllo á Orde de Sº Agostiño de tal xeito que ningún dereito hereditario nil máis nunca reclamemos...Nós entregamos o dito mosteiro a Deus e Sº Agostiño así como os nosos pais o ganaron ou tiveron por dereito de herdanza, tanto o de disposición dos Reis coma o de avoenza, **por conmuta de herdanza** coma por algunha compra, ou como mellor habelos puidemos, con todo o que está dentro da eirexa ou fora pertencente a ese lugar... feito na Era de 1158 (ano 1150).

Os *Coengos Regulares de Santo Agostiño* como pola escritura vemos, veñen da *Colexiata de Santa María a Real do Sar*, fundada 17 anos antes ó pé de Santiago (1133) co patronato de Alfonso VII, e daí o título de Real. Un ano antes, 1149, encargáranse en Santiago do Hospital de San Lázaro á beira do camiño francés de Santiago.

Chegan a Xunqueira con todo preparado; cos planos, mestre de obras e canceiros, artesáns experimentados na obra de Santiago. Non é pouco en Xunqueira o copiado de Santa María do Sar, pero é máis o que se copia directamente da catedral de Santiago. Quizais poidamos afirmar xa sen máis, que a finais de século está a labrar en Xunqueira de Ambía algún discípulo inmediato do Mestre Mateo.

Firmada a escritura, de inmediato dan principio as obras, ano 1150. No obra-doiro, ollando a dimensión e arte da obra e que cada moldura se ha de cicelar á mau, non se deu paría, de xeito que xa no 1164 se grabura na lumieira ou dintel da portada principal a epígarfe fundacional:

I: CC: II: ET QVOT: III: NS
IVNII: CVM FVERIS FELIX Q
SVNT ADVERSSA: CAVERIS



Colexiata de Xunqueira

Ou sexa: (Era) *millesima ducentesima secunda et quot quarto Nonas Iunii. Cum fueris felix quae sunt adversa caveris.* («Era 1202 –ano 1164-, sendo o día cuarto das Nonas de xuño 2 de xuño-. Cando sexas feliz, vélate da adversidade»)18.

Mentres tanto, os novos inquilinos, refundadores unha vez máis da vida monástica en Xunqueira, acóllense ó vello mosteiro rosendiano, ubicado 40 metros ás costas das obras, servíndose tamén do seu oratorio. É onde se organiza e forma a nova comunidade regular á espreita das obras. Para entón, como adiante ollaremos, tamén tiña xa acibido a nova fundación o couto redondo de protección real.

Non imos describir aquí, porque non é o sitio, a *Colexiata de Santa María a Real de Xunqueira de Ambía*, a única que existiu na provincia e diocese de Ourense –na Coruña houbo cinco, en Pontevedra catro-. Somente algo do que a asemella á arte románica da catedral de Compostela.

Eirexa sen igual no románico rural do Noroeste, é de planta basilical, con tres ouxias ou ábsides, e falso triforio. Coma na catedral de Santiago –ocultos pola edificación adxacente-, ten os seus muros laterais profundos arcos de descarga, con cadansúa fiestra en puro románico; con beiril torna-chuvias arqueado, sobre canzorros, todo arredor.

Hai un anxo, columna-estante, que debe de ser dun discípulo do Mestre Mateo, acaso tamén autor do sartego románico hoxe na caustra.

As portadas, parte baixa do templo e cabeceira, amosan o influxo de Colexiata de Santa María do Sar.

En pé xa o templo, continúan a finais do século XII coa edificación da *coenga* ou casa mosteiral, que se conserva cos seus pequenos cuartos pros coengos. É o edificio oposto ó «celeiro» na praza Bispo Carrascosa. Nos seus sillares vense marcas de canteiro que amosan, igual cós sinxelos canzorros do aleiro cara a praza, ser todo románico.

Ó tempo que aquí asitian os Coengos Regulares de S^aM^a do Sar, tamén como dixen o Rei Alfonso VII os prové dos medios de vida, sinalándolles un amplo couto en torno a Xunqueira, sen dúbida as herdades a que se refire a escritura de fundación citada: *concedimus Deo monasterium Sancte Marie de Guncaria cum omnibus applicationibus et adiuntionibus suis et hereditatibus et posesionibus suis.*

A carta-privilexio, documento de doazón de Alfonso VII ós Coengos Regulares de Santo Agostiño de Xunqueira, é tamén do ano 1150. Na copia autorizada do documento que se gardaba no arquivo de Xunqueira¹⁹, descríbese así: *Dho pergamino se compone de tres cuartas y media de largo y dos y media de ancho, y en el fondo del seis habujeros que parez podían serbir para estar pendiente de ellos el Sello de plomo, que cita la confirmación de Dho privilegio.*

Di así, no que nos interesa, a *carta privilegio*²⁰:

*In nomine Domini, amén. ...Ego Adefonsus Dei misericordia totius Hispaniae Imperator una cum filiis meis et omni generatione mea facio Cartam Donationis et Textum Escripurae firmitatis Deo et Ecclesiae Sanctae Mariae de Sar, et vobis priori domno Petro et eiusden ecclesiae sucesoribus de illius monasteri medietate quod vocatur **Santa Maria de Juncaria**, quae mihi pertinet cum omnibus suis terminis et pertinentiis, et jacet illud monasterium in terra Limiae, in ripa de Arnogia, inter Alariz et Ambia, dono atque concedo vobis illud monasterium supra nominatum cum suo cauto sicuti est, per illam portelam quae est inter Ambia et Azeveto et per illud castrum quod vocatur ita Gudin et inde per montiam et inde ad Pinousus de Armariz et inde ad viam publicam quae venit de Parata vetera per Armariz super Vilarinum et inde directum sicut tendit at uncturariam et ex alia parte Rivulo ad portum de Quintanela via quae venit de Alariz et inde in directum ad oterium veterum et inde ad portum de Pontosela inter Pinariam et Aurandelam et inde inferius per illum arogiu usque ad viam antiquam circa Cedagoes et inde per illam calçadam et sursum ad castrum de Medorra et inde inter Avelanedam et Bobadelam Pintam et in illa portela inter Padrinosum et Poedum et inde ad Covam Luporum et inde unde prius incipimus; et per reliquas ut abundanter colligantur pascua; et hoc facio pro amore Dei ut faciatis in ipso monasterio Regularem Ordinem Sancti Augustini...Era M. C. LXXX. VIII et quotum II kalendas Majii...*

O que vertido ó galego é: «No nome do Señor, amén,...Eu Alfonso pola misericordia de Deus Emperador de toda España, a unha cos meus fillos e toda a miña familia, fago carta de doazón e texto de escritura confirmada a Deus e á eirexa de S^a M^a de Sar, e a vos don Pedro et sucesores da mesma eirexa, do lugar do mosteiro que se chama Santa María de Xunqueira, que me pertence con tódolas súas posesións e pertenzas;...mosteiro que está na terra da Limia, á beira da Arnoia, entre Allariz e Ambía (este xa espazo restrinxido, parroquial). Douvos e concédovos o mosteiro avandito co seu couto que é: por entre *Ambía e Acevedo* (O Alto do Portelo) e polo *castro* que se chama *Gudín* (en 1594 pon *Gundín*; hoxe “do Covelo” ou “Cea” enriba da Arnoia á esquerda) e dalí polo monte (detrás de Sansilláu) e dalí a *Penouzos de Armariz* (Penedo da Torre sobre os Casares?) e dalí ó camiño público que ven de *Pardavedra pra Armariz sobre Vilariño* (camiño antigo perdido, por entre S^o Estevo e Vilariño do Río) e dalí dereito como vai á *Voutureira* (en 1594 en castelán: a la *Butrera*, ¿polo Penedo do Corvo?) e pola outra parte (do río Arnoia) o regueiro ó porto de Quintela no camiño que ven de Allariz (o *Camiño Vello* que ven recto de Allariz pola esquerda da Arnoia, por onde cruza o regueiro que ven do Porteiro) e dalí dereito a *Outeiro Vedro* (O Castro, «vello» porque alí viviron hai moito tempo) e dalí ó *porto de Pontecela* entre Piñeira e A Brandela (este de Xunqueira, aquel de Sandiás) e dalí abaixo polo arroio que baixa da

Brandela deica a *vía antiga* cerca de Zadagós (o camiño romano, *Vía Nova ou XVIII* de Braga a Astorga que pasa moi cerca sobre o pobo de Zadagós) e dalí pola *calzada* (romana, a anterior) e cara arriba ó *castro da Medorra* (a Medorra, apar de Bustelo) e dalí por entre Abeleda e Bobadela a Pinta (S.Vicente de Abeleda e S.^a Mariña de Bobadela a Pinta) e cara aquela *portela* entre Padroso e Poedo, onde se di *O Marco do Couto*) e dalí á *Cova dos Lobos* (que debe de ser a enorme lapa da Cruz da Farria, 882m.), e dalí a onde empezamos (o *Alto do Portelo*) e polos restantes sitios pra que collan de abondo qué comer. E esto fago por amor de Deus, pra que fundedes nise mosteiro a Orde Regular de S^o Agostiño. Ano 1150».



(Debuxo do couto)

O couto cadra cáixeqe co termo actual do concello de Xunqueira de Ambía, algo impreciso na parte entre Sansilláu e Armariz, anque quizáis cadre tamén. Onde fica algo curto é pola parte sur, que non colle Casasoá, lugar que aínda non existiría, polo que xustamente pasaba a *Via Nova* romana. A estrema actual baixa aínda de Casasoá deica a *Pedra Alta* ou *Antela*, onde linda co Concello de Sarreaus. Aquí deliñamos o couto seguindo os datos da escritura.

O espazo abranguido polo couto proviña en orixe tamén da familia rosendiana, pero xebrado xa na refundación, coma dote do mosteiro dúplice e a el in-herente.

O novo mosteiro de *Santa María*, agora a *Real de Xunqueira de Ambía*, coma todos os grandes mosteiros medievais con extensas propiedades, vese na necesidade de erguer o seu *celeiro* (*cellarium*), onde recoller dezmos e primicias.

Esta exixencia será aínda mor no século XIII, cando o bispo de Ourense don Lourenzo (1230) anexiona ò mosteiro e convento prioral de Xunqueira varias eirexas, que se lle suman ademais outras moitas posesións. Da grá recollida no celeiro se sirve en caso de necesidade a xente do couto prà sementeira, devolvéndoo na seitura, o que, como tamén ollaremos, logo se substituirá por un pósito de labradores.

Unha vez rematada a construción da morada prioral, deixaron o primitivo mosteiro onde viviron perante as obras, e no seu lugar erguen o *celeiro*, que gracias à tradición, mantida deica o día de hoxe, sabemos que se ubicaba en parte do edificio estudado. É a metade contra a finca, esa en que se atopan *marcas de canteiro* idénticas às da ala da caustra ollando à praza.

É así porque os canteiros alí e aquí son os mesmos; ò deixaren rematada a vivenda prioral veñen labrar o *celeiro*.

A función das *diaconías* da Tebaida é substituída nos mosteiros bieitos pola función dun monxe ò cargo da *economía doméstica* co seu *celeiro*: o *celareiro*. Os recursos constituían o *obenza* da *obenza* do mosteiro.

As demáis ordes relixiosas fan outro tanto. O tema e léxico é de orixe romana, onde *cella* era silo, adegá (*cella granaria*, *cella vinaria*), que no latín popular e baixo latín, coma en xeral e de forma paradigmática no protorromance, se troca na forma *cellarium*.

Ós que opoñen o reparo de que a costrución a que nos referimos non permitía tal uso, témoslle de lembrar que tradicionalmente as *cellae* e o *cellarium* son «silos», sitios soterraños secos onde garda-la grá, que algo así son as adegas. Incluso evitaban a moita luz, con grosas paredes, sitio seco pero fresco.

O dispositivo especial do celeiro era a fábrica de madeira, propiamente a *tulla* tratándose dá grá, preparada con grosas táboas de madeira, erguida do solo de xeito que non alcanzasen a rubir os ratos, cunha porta de servizo e fiestras de ventilación. Aínda alcanzamos a coñecer o do Santuario dos Milagres –retirada a *tulla* en 1990- e sábemolo ben. Outros produtos menores, menos duradeiros, dis-

púñanse en estanterías, como se fai hoxe. As conservas alimenticias, concretamente as carnes de porco curadas, tamén ouxeto frecuente de contribución foral, estaban no mesmo lugar, pero en *loxa* feita de madeira, igual que podemos ollar en calquera das nosas casas rurais. Sempre, eso sí, evitando a luz directa, nun espazo fresco, con algo de ventilación permanente pero impedindo a entrada de insectos.

No ano 1230²¹ o bispo de Ourense don Lourenzo agrega á Colexiata varias freiguesías, que fican ó coidado do prior e coengos de Xunqueira. Di así no que ó noso ouxeto atanxe: *Laurentius, Dei et Apostolicae Sedis gratia Episcopus Auriensis, atendentes quod... Prior et Canonici Monasterii et Conventus Colegiatae Ecclesiae Beatae Mariae de Junqueira dambía, sub regula Sancti Agustini, qui quotidianis officii insistunt, honorentur, et congruum in redditibus habeant sustentamentum... Cum... in redditibus et molumentis sit et est tenuum et diminutum, quod vix idem Prior et Canonici obtinent ex eius redditibus, quomodo suos statum et honores, ordinem ac servitium supradicti Momasterii sustentari non possint.*

Nos, igitur hac parte, ...una cum nostro Capitulo, eos integros cum Cura Parroquiales Sancti Cipriani de Gultiges, et Sancti Jacobi de Brandela, et Sanctae Mariae de Requeixo, et Sancti Vincenci de Abelenda, et Sancti Tirsi ac Sanctae Crucis de Coba de Arnoya, et Sancti Petri de Pias, necnon et Sancti Michaelis et Sancti Joannis de Padreda, vulgariter nuncupatus Ecclesias, in dicto nostro Episcopatu et Diocesis Auriensis sitas...vacam per lapsum temporis...prelívato P.Priori, et Canonicis ejusden Conventus Beatae Mariae de Junqueira, qui nunc sunt et in futuro erunt cum anexis et pertinentiis suis uno cum predito nostro Capitulo perpetuo unimus, anectimus et incorporamus per presentes.

Itaque liceat Conventui, et Canonicis dicti Monasterii Beatae Mariae de Junqueira, dictarum Ecclesiarum incorporatarum juriumque et pertinentiarum predictarum posesionem realem, corporalem, et actualem seu quasi fructum, reddituum juriumque et pertinentiarum earundem ad predictas incorporatas Ecclesias expectantium... posesionem apprehendere, et perpetuo illam retinere, fructusque redditus et proventus... hujusmodi in suis et prafati Monasterii et Ecclesiarum predictarum usum convertere.

Necnon per Canonicos prelibati Monasterii Beatae Mariae regi et gubernari... Factum in Capitulo nostrae Ecclesiae Auriensis, anno incarnationis Domini, millesimo ducesimo trigesimo septimo, Kalendas Maii.

Firman coma testemuñas do cabildo de Xunqueira: *Franciscus Veloaris, Petrus Menendus, Dominus Herus, Velascus Sancis e Dominicua Joannes.*

Que vertemos pra que se entenda mellor: «Lourenzo, pola gracia de Deus e da Apostòlica Sé bispo de Ourense, en atención a que... o prior e coengos do mosteiro e o convento da Colexiata-eirexa de Santa María de Xunqueira de

Ambía, baixo a regra de Santo Agostiño, son constantes nos cotiáns oficios, pra que sexan gratificados e teñan o seu debido sustento cos réditos... Como...por réditos e emolumentos a gratificación é parca e vinda a menos, de xeito que adur se o mesmo prior e coengos sacan dos seus réditos cómo poder manter o seu estado e honores, a vida regular e o servizo do sobredito Mosteiro...

En consecuencia Nós pola nosa parte, xunto co noso Cabido, os parroquiáis íntegros coa cura de almas de San Cibráu de *Gultiges* (Gultiges non existe hoxe; sospeito que sexa San Cibráu de Lama Má), e Santiago da Brandela (Xunqueira), e Santa María de Requeixo (Allariz), e San Vicenzo de Abeleda (Xunqueira), e Santo Tirso (S^aM^a de Santiso hoxe, Maceda) e *Santa Cruz de Cova Arnoia* (hoxe S^a Cruz de Prado e S^a M^a de Rebordechau, V. Barrio), e de San Pedro de Pías (hoxe só capela de Maceda), coma tamén San Miguel (S.Miguel de Padreda) e San Xoán de Padreda (hoxe só capela de Padreda), popularmente chamados *As Eirexas*, sitas no dito noso Episcopado e Diócese Auriense, vacante por un lapso de tempo... ó predito P.Prior e Coengos do Convento de Santa María de Xunqueira, òs que agora están e òs que no futuro estarán, (os parroquiais) cos seus anexos e pertenzas, de consún co noso Cabido, unimos, anexionamos e incorporamos polas presentes.

Así pois permítese ó Convento e Coengos do dito Mosteiro de Santa María de Xunqueira tomar posesión e ter por sempre a posesión real, corporal, e actual ou usufructual das ditas Eirexas incorporadas, dereitos e pertenzas das mesmas... cambiando os usos do dito mosteiro e das eirexas ditas. Así como tamén ser rexidas e gobernadas por Coengos do mencionado Mosteiro de Santa María.

Feito no Cabido da nosa Eirexa Auriense, o ano da encarnación do Señor, de mil douscentos trinta e sete, o 1 de Maio».

Aquí temos que apuntar que, se a finais do século XIII o estado económico da Colexiata era *in redivibus et molumentis...tenuum et diminutum*, a súa situación cambia totalmente de sino nos dous seguintes debido a un gran número de doazóns.

Dentro desta etapa, a comezos quizáis do século XIV, còmpre poñer o inicio da caustra ou claustro, aínda que daquela non fose adiante. Pode ollarse o *basamento* preparado, cuio ancho declina ser o proxecto de labralo de colunata xeminada todo en torno, imitando unha vez máis o de Santa María do Sar en Compostela. Fican elementos, que ò fin se descartan, no claustro actual onde se ven dous *capiteis*, así coma parte dun *arquiño*, que tamén hai pola vila, igual ca algún capitel gótico.

Algunhas das pedras con decoración e *basa de coluna*, así coma *fragmentos curvados con decoración de molduras nervadas terminadas en picos, parte de un arco geminado y fragmentos de nervadura de bóveda atopados na prospección*, son sen dúbida parte do que se descarta cando xa se emprendera a obra do claustro, que ademáis iba ser de bóveda de cruceira.



Tamén se vé deste tempo un trasaltar de pedra grá ben labrado. E a enorme pila (de 0.60 de profundidade e 1.00 de diámetro vougo) hoxe no centro, que era prò bateo de inmersión de infantés, quizáis de primeiras á porta da eirexa cara o claustro, ten parello tamén nunha esquina do claustro de S^a M^a do Sar.



O claustro servíu de cemiterio deica o primeiro cuarto do século XX. Hai algún sartego medieval de estatua xacente dunha gran calidade xa citado, e algún máis, con algún escudo de armas en tampas de sepultura e algús epígrafes, antigos e non tanto. Os enterramentos do solo leváronos todos o novo cemiterio no Toural.



QUINTA ETAPA

No Renacemento ábrese unha etapa plétórica de vida na historia de Xunqueira. É propiamente cando comeza a ser coma tal entidade de poboación, aínda que como dixemos os seus comezos veñen xa de séculos antes. O troque de marcha chega coa vinda de *don Alonso de Piña* (1513-1544), un prior comendatario, non regular como lle correspondía por Orde monástica que era a de *Coengos Regulares de Santo Agostiño*.

Chantre e Provisor da catedral de Ourense, é un home cheo de vida, que pon en movemento priorato e contorna, deixando de ser meramente pasivo o edificio que nos ocupa, o *Celeiro*. Activando a construción e permitindo o asentamento de vecindario en torno ò mosteiro e colexiata de Santa María a Real de Xunqueira. É a súa constitución coma poboado e vila. A vida en torno ferve daquela coma unha colmea.

Se o prior tiña o seu pazo residencial aparte da *coenga*, non era certamente este edificio que nos ocupa, que 300 anos levaba xa coa función de *celeiro*. Atento e sensible ò sino dos tempos, debe de ser unha das súas primeiras faternas o dar satisfacción às necesidades daquela sociedade de principios do século XVI; pobres e peregrinos. Puido ben ser das súas primeiras obras, na dieza de 1520.

Para o caso, trasforma o *celeiro* na súa estrutura, ampliándoo dende a base noutro tanto cara a praza ou patio, feito descuberto agora na exploración da

cimentación. Ademais adica a este servizo tamén o edificio contiguo polo norte, o Pazo das Donas, abrindo paso no formal medianeiro, no punto en que o informe das arquitectas (p.155) constatan: *como se puede observar en la fachada N está cortada y continuaría hacia el N*. Todo acondicionado ós novos usos, o espazo dende logo compríalle ben como imos ver. Quedando practicamente ó exterior como é hoxe, trátase da súa etapa de «hospital» en gran parte do século XVI. A razón do cambio e transformación está ben documentada; delo hai un informe testifical que imos reflexar aquí²².

Don Alonso de Piña... fundó un hospital cabe el monasterio en el que acogía y albergaba a los pobres y peregrinos extranjeros y nacionales, en número de hasta cien. Les vestía y les daba de comer dos tablas al día, cada una de hasta cien comensales; además les calzaba y curaba. Al frente de él había puesto una hospitalera y un cirujano. Al parecer, y según manifestación de un testigo, cubría una gran necesidad, puesto que por allí pasaba el camino francés y real.

Nos dice también que hacía comprar lienzo y paños en las ferias de Castilla y proveía, del almacén que tenía, a toda clase de necesitados, según la condición de cada cual. Añade que su natural era tan caritativo que, no se detenía aquí, sino que dotaba a doncellas pobres para casarse o para meterse monjas. Hacía otras muchas limosnas secretas a hidalgos pobres y, en épocas de escasez de grano, pagaba deudas, criaba niños que dejaban anónimamente en sus puertas y, después de criados, pagaba a los amos; también los vestía y daba de comer hasta que eran grandes y los ponía allí a oficios.

Non se pode decir máis nin mellor da gran obra deste home, que certamente se algunha fraqueza tivera ben condonada a deixa, e dende logo esta é a fisura que del debe quedar. A contorna de Xunqueira tivo nil o gran remediador dos males que à sociedade aqueixaban na primeira metade do século XVI.

De paso diremos que o *Camiño de peregrinación a Santiago* e o *Camiño Real da Meseta* non poden estar mellor testemuñados.

En realidade o que se di «hospital», antigamente é aínda sinónimo de «albergue», voces, aquela de orixe latina, esta de orixe xermánica, que ámbalas dúas son ‘casa de acollida a todo necesitado, pobre ou peregrino, sano ou enfermo, e de estar enfermo atendéndoo na enfermidade. Cando Alfonso VII erixe no *montem Miserum* (Monte Talariño) neste Camiño de Santiago un «hospital» polo ano 1140, ten este senso e función; é hoxe a Alberguería (Laza).

Dormir e comer ata cen, almacén de roupa, cociña e despensa..., servizo pra tanta xente, supón moito espazo e todo aproveitado, cousa que se ha de ter en conta à hora de discurrir sobre a compartimentación do edificio. Ademais de contar co uso, quizáis pra atención dos nenos orfos ou abandonados, coma asilo, do edificio aludido, o *Pazo das Donas*. Entre acollidos e a xente de servizo que é de supoñer, había daquela máis vida e movemento no *hospital* ca hoxe en Xunqueira.

Se a actividade e obra de *Alonso de Piña* nesta parte foi extraordinaria, tampouco no aspecto de engrandecemento da Colexiata e das eirexas que dela dependían se descoidou ren. Foi por exemplo o que erguéu a *Santa Cruz de Cerdeira*.

Foi quen reemprendeu a obra da caustra ou claustro, parada dende douscentos anos antes, valéndose do basamento xa daquela feito. Un *claustro renacentista, plateresco*, que é de notar pola delicada filigrana de calados.

Alonso de Piña é tamén quen ordena construír a *capela* á esquerda da eirexa, a adicada ós santos da Orde das Mercedes, presidida pola estatua da Virxe epónima. E a *capela do Ecce Homo* contigua, así coma a *sacristía* actual apar do absidiolo da dereita cuberta de fermosa crucería.

Apar da anterior, con paso á sacristía e entrada dende o claustro está o *cabido*, que alberga parte do precioso *coro*, antes no centro e parte de atrás da colexiata. Tamén ordenado labrar por él, é de rica selería en madeira de nogueira, grabura plateresca e figuras en baixo relvo.

Obra do seu tempo e faterna por engrandecer a colexiata é o *retábulo* renacentista da padroeira, Santa María, no que se notan influxos flamencos, obra de *Juanín* na que non desmerece a talla do imaxineiro Gaspar Salgado. Son dos anos 1535, 1536.

E hai que poñer tamén no seu haber o dotar a eirexa do primeiro *órgano*, que contrata en 1536 con *Bernal Díaz* veciño de Allariz.

Antes da súa chegada, polo 1508, foi cando se labrou o sartego do cabaleiro *Álvaro de Soutelo*, que ocupa espazo baixo arco oxival á dereita da eirexa na parte traseira.

É posíbel que a chamada «Torre», sucesora xa de outro edificio parte da residencia señorial da descendenza rosendiana, fose edificada por este guerreante Soutelo a finais do século XV. Xa morto, sería o ‘pazo prioral’ de Alonso de Piña, que aquí defina xa nonaxenarío.

O sartego deste, a nivel do solo, vese ante a capela maior, co seu escudo de armas, o que o Concello de Xunqueira adoptou coma propio en 1972.

A el se atribúe a fundación da vila, ó non restrinxir o asitiamento de veciños en torno á colexiata (1513).

Coma prior, tamén comendatario que serán todos xa, deixou a *Luis Bermúdez*, crego orixinario do bispado de Oviedo, do que non sabemos erguese ou trasformase edificio algún. Está soterrado apar do de Alonso de Piña, en sartego parello.

SEXTA ETAPA

Sinalamos esta etapa xa a finais do século XVI, por ser na que o priorato de Santa María de Xunqueira cambia de titularidade, pasando a xurisdición e bens ó bispado de Valladolid, coma tamén por ser da que máis pegadas fican, sen dúbí-

da algunha, na economía e administración do priorato por obra do novo prior, ademais da edificación.

É este *don Martín de Córdoba*, nome por él adoitado no canto do de nobre xaramea *Martín Ponce de León y Navas*, que chega a Xunqueira no ano 1594, vindo de Valladolid, enviado por mor de preparar o trasopaso de priorato á sé de Valladolid, que de a pouco creada por Felipe II, non tiña moito con qué sustentarse.

A anexión non é efectiva deica o ano 1602 por Bula de Paulo V, pero neses oito anos don Martín non estivo de maneira algunha ocioso.

Unha vez tomada posesión do seu cargo de prior, o primeiro que fai é revisar as cartas de doazón e privilexios concedidos ó priorato, ollando as escrituras referentes á súa fundación e señorío, facendo inventario exhaustivo de foros e rendas que pon ó día, visitando cada un dos coutos acompañado de escribas e oficiais pra adialos coas súas estremas e pertenzas. De todo fixo *Tumbo General* en que todo consta puntualmente.

No preámbulo do *Tumbo* (1594) dános algunha nova de interés, relativa às estremas do Couto, e da documentación no arquivo da Colexiata. Así, empalmando coa descrición do couto orixinal (de 1150), ensanchado por incluír achegas posteriores, coma a de don Lourenzo no ano 1270, así no trazado (cf. o de 1150) vemos:...a la *Butrera* (a *Vultureira*) al puerto de Quintela, camino que viene de Allariz, y de allí por el camino que va a dar al marco viejo entre Allariz y Valverde, y de allí el lombo arriba hasta la cruz que está en el lugar de Portela y Valverde, de allí al marco do Couto, de allí al marco de *Morisca*, que está encima de *Cardonaloba*, de allí al marco de *Malperro*, y de allí al marco de *España*, de allí al marco de *Arrotea*, de allí al marco de *Cara Balla Blanca* (*Carballa Blanca*), de allí a la *Casa Tejada de Cedagones que está hacia Piñeira de Arcos* (*Casa Tellada*, onde tódalas demáis casas eran daquela de terrón), de allí al marco de la *Vandera* (*Labandera = A Labandeira*), de allí derecho al marco que se dice del *Campo de Bustelo y Casasoá*, que se dice de *Pedralonga* (de cheo na *Veiga de Antela*, estremando a «plaina» de cada lugar, tirado no 1960 coa concentración parcelaria, sen valor histórico algún e un terzo de alto da *Pedra Alta* ou *Antela* en pè), de allí a la *fuelle de Vertán* (en *Casasoá*), de allí al *mojón que se dice Presbíteri* y de allí al marco de *Arnade*, que se llama *Villarino da Veiga*, y de allí al marco de *Couto*, que se dice de *Bobadela Pinta*, de allí por la portela entre *Padroso* y *Puedo*, y de allí a *Cueva de los lobos*, y de allí a la *portela de Ambía*, donde primero se comenzó. O tramo sen describir, coma en 1150.

Vese cómo ensanchóu o couto de cara Allariz e algo na Antela. Toda a terra incluída nese espazo limitado polas estremas do couto, dise no *Tumbo*, «es propio en propiedad del que es, y por tiempo fuere prior y señor del priorato de Junquera de Ambía. De tal manera que ningún vecino ni morador en él tiene cosa propia, más de lo que han aforado y tienen a fuero de los priores por tiempo y voces limitadas, las cuales acabadas, o se renuevan los fueros o dejan los bienes

con sus mejoramientos para que el prior haga de ellos a su voluntad; no pueden edificar en los términos y montes, ni ríos sin licencia del prior, ni romper tierra ninguna sin pagar fuero o renta de ella».

É pra se poñer no caso dos nosos devanceiros non tan lonxanos; ben mellor estaban en tempos de San Rosendo.

Pero polo que máis agora nos interesa don Martín de Córdoba é pola transformación que fixo do «hospital», suprimíndoo pra trocalo en «Palacio Prioral». O golpe que o cambio de función supuxo pra toda a contorna de Xunqueira é de supoñer, tendo en conta o labor social denantes desempeñado e que agora fica de proviso sen cobertura. De seguro que a sona, ben merecida, que no lugar deixa do seu paso polo priorato, ten a súa razón de ser no feito. É o que, xunto coa súa inflexíbel postura ante tódolos moradores do couto, fai que o pobo argalle aquí-les versos que alguén vertéu ò castelán:

*San Martín, con ser francés,
la capa partió con Diós,
y vos, Martín Cordobés,
si Cristo tuviera dos,
le hubieras robado tres.*

Martín de Córdoba está no polo oposto a Alonso de Piña, e sen embargo non lle adica a este o pobo favorecido unha contrapartida en louvores.

Antes de se instalar no edificio, fai unha profunda reforma no seu interior prò seu acomodo persoal e administrativo. Externamente, por mor de lle dar visos de grandeza, reforma a porta de entrada, que traendo os materiais dalgunha parte, agranda e incrusta, graburando sobre a lumiera, como non podía ser menos pra que todo o mundo o soubese, que aquel era o «palacio prioral». O leteiro é equívoco, xa que pon:

1594. EL PRIOR DON MARTÍN.DE CÓRDOVA

Cando o que o fixo non foi el, senón darlle por fora esa aparencia, e acomodalalo por dentro ò seu gusto e satisfacción de magnate. Coido impensábel, tendo en conta as súas pretensións e personalidade, que admitise, como se di no informe, «un recinto enreixado coma cárcel». Haberá que pensar mellor no período posterior, cando xa en Madrid, o «palacio» o ocuparía o Alcalde Maior seu delegado, ou aínda máis tarde, nas revoltas do século XIX.

No informe sobre a «recuperación do Pazo Prioral» dise (p.157) que «de los priores Alonso de Piña (1513-1544) y Martín de Córdoba (1594-1620), como promotores e impulsores de obras, reformas y renovaciones... (estas) han quedado reflejadas en la estratigrafía del edificio. Ya a principios del s.XVII el Priorato

es anexionado por la Diócesis de Valladolid; para este siglo no se documentan, sin embargo, noticias de importantes reformas en el edificio».

Ó que a seguida se opón o que din «Dentro de esta etapa...se documenta una importante actividad constructiva, que se traduce en *algunas reformas en los espacios interiores*, y en la *ampliación del edificio hacia el W.*, ganando lo que hemos denominado como tercer cuerpo...»

No acomodo interior do edificio pra convertilo de «hospital» en «palacio prioral», terán a razón de ser algús deses *mechinales e rozas* de que se fala nesta etapa, sobre todo ese *balcón o pórtico de madera*, esa *estructura abovedada*, para *magnificar la entrada principal*, esa *reconfiguración de escaleras*, etc.

Entón o prior *Martín de Córdoba* é o que fai reformas na fachada oeste, adiantándoa algo, cunha porta que algo ten de renacentista, sacada pola premura de tempo doutro lugar. En fin, que trata de *unificar la apariencia del edificio interior y exteriormente* (Ib.162) coma «palacio».

Na mesma liña de acción está o erguer un arco honorífico de entrada à praza, co escudo de armas do rei Felipe II, coma sinal do patronato real sobre o priorato e señorío que a él se lle concedera. Á esquerda do arco fixo construír a *Paneira*, aquí co seu escudo persoal na fachada, de larga epígrafe noticiosa da súa alcurnia, onde recoller a grá dos rendeiros, ata 300 fanegas. Faguía tamén de *pósito de labradores*, donde podían levar grá prás sementeiras, cun copelo engadido na devolución.



Poida que o dito «Pazo das Donas», adicado polo prior anterior tamén à atención da pobre xente, o convertirse él en «celeiro», porque productos acibía máis cò seu predecesor, e non samente de grá, senón tamén de castañas curadas, liño, carnes...

Os coengos, que daquela (1594) había na eirexa e priorato de Xunqueira eran «siete canónigos prebendados los cuales son a la provisión del prior».

No ano 1620 *don Martín de Córdoba* marcha a Madrid, nomeado *Comisario General de la Cruzada*, aínda que sen deixa-lo seu cargo de prior de Xunqueira. O «palacio» dende logo fica ermo do cargo. ¿Non sería ocupado polo seu delegado e representante, o Alcalde Maior, incluso o administrador de rendas e foros?

É unha etapa de máis de 200 anos, que remata coa desamortización e desaparición do priorato.

SÉTIMA ETAPA

A *Desamortización de Mendizábal*, ano 1836, é efectiva aquí ó ano seguinte, 1837. De un só golpe fican abolidos o *Priorato*, *Alcalde Maior*, *administración*, *dereitos*, *señorío* e *foros*. Todo non sendo os edificios e a horta apar. Coma bens que eran en *maus mortas*, o goberno quítallas à Eirexa, òs señores e òs municipios.

Non todo estivo mal feito, pero as cousas puideron daquela terse arrenxado mellor, xa que moitas das terras, os grandes espazos non explotados polos moradores persoalmente, foron parar a novos señores, amigotes que así amasaron a súa inesperada riqueza, en xeral agora de todo improductivos, máis «mortos» ca denantes.

As outras terras, a foro dos moradores, caen en maus de outros foreiros, certo é que non tan bravos coma o Martín da cántiga, pero si efectivos, xa que os novos rendeiros, de proviso empoleirados señores, o que fixeron foi rubirille a renda ò renoval-os foros. A consecuencia foi o emigraren ás Américas centas de miles de homes ó longo do século XIX e aínda o seguinte en Galicia.

Duran estes *foros* deica abolilos o goberno de *Primo de Rivera* co seu ministro de Facenda *José Calvo Sotelo*, autor tamén da Lei pola que aínda se rexen os Municipios españois; dá o Decreto de Abolición de Foros no ano 1923.

É de pena, que a un home coma Calvo Sotelo ó que tanto debe Ourense e Galicia, e ningún mal, o trate así a política de turno. E pra máis, tiráronlle a vida. E tan calados todos. ¡Trampa adiante!, que decía o outro.

Pró noso caso, coa *Colexiata de Coengos*, co *Priorato* suprimidos, tamén o edificio de que tratamos fica sen uso algún, vougo de toda función, que aínda que cambiante viña cumprindo por máis de mil anos. Entre os anos 1837 e 1853 debéu de estar en vacío, sen uso algún.

No ano 1853 a Eirexa, o bispo de Ourense *don Luís de la Lastra y Cuesta* por medio de *don Rafael Calabozo* arcipreste da catedral de Ourense, fai que se restaure o edificio, rehabilitándoo coma *casa parroquial*, con todo o que conleva de morada e servizos en función do novo destino. Na lumieira do ventanal que hai sobre a porta de entrada, baixo un sillar con fragmentos de bolas en que consta ser priorato de Valladolid, sen dúbida de Martín de Córdoba, hai unha inscrición, precedida de ramo de acebo en baixo relevo, que di:

AÑO 1853. SE REEDIFICÓ ESTE PALACIO AL CUIDADO DEL DOR RAFAEL CALABOZO DIGNIDAD DE (baixo relevo: circo acabazado con tres follas de acebo e 7 rasgos verticais) ARCIPRESTE DE ORENSE Y ANTES SRIO-DEL EMINENTÍSIMO CARDENAL QUEVEDO YN OMNIBUS CARITAS



É agora a **Casa rectoral**, con cociña, sobrado, etc. que haberá que ter en conta á hora de interpretar pegadas de tanto cambio, o rompecabezas formado. Cómpre engadir, que as casas parroquiais, pró arrenxo da casa, adoitaban cebar porcos prá matanza, coma calquera outro veciño, e así tiñan que ter cochelos e cebadeiro no baixo da casa.

De *casa rectoral* segue por todo o século XIX, e aquí é onde morre en maio de 1904 o bispo de Ourense, estando en marcha a construción do «Palacio Episcopal», que se empezara en 1902. Na súa lembranza dáselle o nome de «Praza do Bispo Carrascosa» (*Don Pascual Carrascosa y Gabaldón*) ó patio que preside.


No ano 1856 morre *don Francisco Calabozo*; no ano 1857, Xunqueira elevada a *parroquia de termo*, ocupa a «Rectoral» *don Benigno García Saavedra*, deica 1877. Sucédelle, no mesmo lugar (1878 a 1902) *don Delfín Martínez Losada*, o que, nunha misión dada en Xunqueira, ergue unha cruz no *Monte das Corgas*, na estrema da freiguesía xa dando vista á estesa Veiga de Antela, rota no ciclón do ano 1934.

Cómpre sinalar aquí, que cando o bispo de Ourense *don José de la Cuesta y Maroto* pon a fronte do *Santuario de Nosa Señá dos Milagres* ós *Padres Paúles* (ano 1869), tamén lle ofrecía encargarse da Colexiata de Xunqueira e freiguesía, algo que lle non puideron aceptar por escaseza de persoal. O edificio seguiu de «Rectoral» deica ficar libre o «Palacio Episcopal», adicado dende o ano 1906 a *Escola e Centro de Xuventude*, dirixido por *Hermanos das Escolas Cristianas*. Ó pechar, é cando se encargan da parroquia os Padres da *Orde das Mercedes* (1928), tendo coma residencia conventual e casa parroquial o «Pazo Episcopal», deica o ano 2003. Niste ano pónñense a fronte da parroquia de Xunqueira os *PP Salesianos*.

En definitiva, o edificio de que tratamos está de «Rectoral» deica o ano 1928. É cando, sen función algunha, se alquila a un veciño, que ocupa os baixos coma *corte e cortellos* de animais; facendo do sobrado unha *palleira*.

O ano 2003 elabórase un *proxecto de restauración* do edificio, subvencionado pola Unión Europea, con miras a darlle algunha función de tipo social e cultural, labor que se está levando a ramo gradualmente estes anos.

A base do traballo xa realizado é que se fixo o minucioso estudo arqueolóxico comentado.













NOTAS

- ¹ Cuadernos de Estudios Gallegos, LV, nº 121, pp.139-172.
- ² Rivas Quintas, E.: *Millo e hórreo*. Laiovento, 1996. p. 189.
- ³ Tumbo de Celanova, I. p. 662; Pallares Méndez, M^oC.: *Ilduara, una arsitócratra del siglo X*, Ed.do Castro, 1998. pp. 29 - 57.
- ⁴ *Estudios*, op. cit., 151-151.
- ⁵ *Ib.* p. 155.
- ⁶ *A auga na Natureza*, 317-325.
- ⁷ *Historia de la Orden Benedictina*, p. 71; Madrid 1941
- ⁸ Fr.Henrique Flórez: *Viaje de Ambrosio de Morales*, 1872, Edición Facsímil, ano 1978, p.160.
- ⁹ Tumbo, II, 689.
- Nota:* Sospeitamos, coido que con todo fundamento, que a ermida de San Mamede no curuto da Serra (1620 m.) foi erixida por San Rosendo; nos primeiros documentos do mosteiro de Monterramo, séc. XII, xa comeza a chmarse Serra de San Mamede. Nunha exploración feita nas ruínas nos anos de 1940 atopouse alí unha lápida de marbre con epigrafe en letra visigótica. Cando en 1990 erguemos das ruínas a capela, atopamos un sillar cun ofidio resaltado en relevo, agora no arco trunfal dentro da ermida.
- ¹⁰ Andrade, J.M.: *O Tumbo de Celanova*, I, 513, Santiago 1995.
- ¹¹ Cf. *Estudios*, nº 4.
- ¹² Tumbo, II, 698
- ¹³ *Estudios*, nº 4, p. 31,
- ¹⁴ *Elucidario*, II, 429-430)
- ¹⁵ «Arte», *La Región*, 4-V-87.
- ¹⁶ A Limia, p. 440.
- ¹⁷ BCMO, I, 297ss.
- ¹⁸ *Boletín Auriemse*, XX-XXI, p. 277ss.
- ¹⁹ Fr. Gumersindo Placer: *Rev.Logos*, nº 49, 1936. p. 481-3.
- ²⁰ B.C.M.O.
- ²¹ BCMO, I, 301-304.
- ²² A.H.P.O.